



Concello de Miño

PROPOSTA DE CONTIDO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE MIÑO PARA O ANO 2020

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concello demino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



PROPOSTA DE CONTIDO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE MIÑO PARA O ANO 2020

1.- BASES REGULADORAS

De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención, as bases reguladoras da presente convocatoria, foron aprobadas polo Pleno desta corporación no marco das Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2019, prorrogadas para o ano 2020, resultándolles de aplicación, polo tanto, o Título VI, bases 65ª e seguintes, publicadas no BOP do día 29.01.2020.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é regular e establecer os criterios e o procedemento de solicitude, tramitación, concesión, pago e xustificación dos premios do Concurso de Entroido 2020 que outorga o Concello de Miño.

3.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión dos premios obxecto desta convocatoria será a de concorrencia competitiva.

4.- DOTACIÓN DOS PREMIOS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estes premios é a 334/48000 e cun crédito máximo de 1.225,00 €. O número total de premios é de 8.

Os premios serán de dúas categorías:

- Categoría individual (De 1 a 3 persoas)
- Categoría grupal (De 4 persoas en adiante)

Os importes dos premios serán os seguintes:

Categoría individual

1º premio individual 100 €

2º premio individual 75 €

3º premio individual 50 €

Categoría grupal

1º premio grupo 300 €

2º premio grupo 250 €

3º premio grupo 200 €

4º premio grupo 150 €

5º premio grupo 100 €



O pago no caso dos premios en metálico realizarase mediante entrega de cheque ficticio ás persoas gañadoras e posteriormente estas persoas representantes acudiranse no Concello para proceder a entrega formal dos vales de compra aprobados.

No suposto dos premios compartidos por unha pluralidade de persoas, o premio entregarase a unha persoa representante previo acordo do resto das persoas que integran o grupo que se fará constar no impreso de inscrición segundo modelo.

5.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as desta convocatoria todas as persoas, así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como obxecto do premio e que reúnan os seguintes requisitos:

- Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no artigo 13.2 da lei xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Miño e con calquera outra administración.

6.- PRAZO, FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes para participar no concurso será desde o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no BOP da Coruña ata o 21.02.2020 ás 14.00 horas.

Para poder participar nesta convocatoria, haberá que presentar as solicitudes segundo o modelo normalizado que se achega no anexo II, asinada pola persoa interesada cando sexa unha única persoa participante ou por unha persoa representante cando sexan dúas ou máis persoas as participantes.

A solicitude inclúe declaración responsable na que se acredite atoparse ao corrente coas obrigas fiscais con este Concello e outras administracións, asemade coa Seguridade Social e de non estar incursas en ningún dos supostos previstos no artigo 13.2 da lei xeral de subvencións.

Aquelas persoas menores de idade ou que non teñan plena capacidade de obrar, que queiran participar, a solicitude deberá ser presentada pola persoa titular da patria potestade ou tutela.

Haberá que presentar as solicitudes no Rexistro de Entrada do Concello de Miño en horario de 8.30 a 14.00 horas. Tamén se poderá presentar en calquera dos lugares que prevé o artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.-PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN

A instrucción do procedemento corresponde á Concellería da Área de Educación, Cultura, Comunicación, Participación Cidadá, Transparencia e Igualdade, que actuará

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concello데미ño.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



asistida por un xurado formado polas persoas integrantes da orquestra que actúa no evento, para fallar o veredicto do concurso.

O concurso desenvolverase o día 22.02.2020 a partir das 23.59 horas na carpa situada nas Pistas de Rabazal de Miño e as persoas participantes terán que facer no descanso da orquestra un pase de disfraces para a súa valoración polo xurado. A concellería entregará ao xurado a listaxe de participantes e a documentación relativa para a valoración. Poderán traer a música que queiran para poñer no momento do desfile en formato MP3 nun USB.

As persoas menores de 16 anos deberán estar acompañadas dun adulto, (pai, nai ou titor legal), durante todo o procedemento.

As características dos disfraces quedan totalmente abertas á imaxinación das persoas participantes, e poderán acompañarse dos elementos e complementos que cada cal crea convenientes sempre que caiban no espazo destinado para o desfile. Nos casos de participantes con mobilidade limitada habilitarase unha zona diante do escenario para o seu desfile.

No caso de que algún dos disfraces levase motivos ou mensaxes ferintes e/ou molestos para os presentes no concurso, ou de mal gusto tomando como criterio o sentido común a organización resérvase o dereito de anular a súa inscrición.

O xurado propoñerá motivadamente á concellería os premios para cada categoría. O resultado proposto polas persoas que forman o xurado farase público ao final do concurso e será inapelable.

A resolución do procedemento corresponderá ao alcalde.

A participación neste concurso implica a aceptación de todas as bases.

9.1.-REXIME DE RECURSOS

A resolución do procedemento pon fin á vía administrativa, e contra a mesma pódese interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa notificación.

Alternativamente e de forma potestativa, pódese interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación.

10.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios que se empregarán para a valoración das candidaturas serán, cun máximo de 20 puntos, os seguintes:

- Dificultade e traballo que se empregou na confección do traxe: ata 5 puntos.
- Orixinalidade, vistosidade, colorido, elegancia e enxeño: ata 5 puntos.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



- Caracterización dos personaxes, maquillaxes, aspecto e accións: ata 5 puntos.
- Posta en escena e destreza para darlle vida ao disfrace no desfile (dinámicas, bailes, músicas, coreografía, animación e escenografía): ata 5 puntos.

O resultado proposto polos membros do xurado farase público ao final do concurso e será inapelable. O xurado procederá á proposta de concesión dos premios, segundo os criterios previstos nesta convocatoria.

11.- PUBLICIDADE E TRATAMENTO DE DATOS

Unha vez aprobada a presente convocatoria, será obxecto de publicación íntegra na páxina web do Concello de Miño.

En cumprimento co disposto no artigo 8.1 C) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, darase publicidade dos premios outorgados, con expresión da convocatoria, a aplicación orzamentaria, o/a beneficiario/a e o premio outorgado na páxina web do Concello de Miño.

A concurrencia á convocatoria de concesión destes premios implicará a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e á súa publicación nos termos establecidos no parágrafo anterior, dacordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

12.- RÉXIME XURÍDICO E FISCALIDADE

Esta convocatoria remitirase á Base Nacional de Datos de Subvención, publicándose extracto das mesmas no BOP da Coruña por conducto, así como os datos persoais das persoas premiadas e os importes dos premios.

Os premios outorgados mediante esta convocatoria quedan sometidos á Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro, e á normativa que desenvolve. No seu cumprimento os outorgamentos serán debidamente informados na Base de Datos Nacional de Subvencións e quedan sometidos ao réxime fiscal vixente no momento do seu outorgamento.

A aceptación do premio conleva o coñecemento do réxime xurídico aplicable.

En Miño, na data que figura na marxe

A Concelleira da Área de Educación, Cultura, Comunicación, Participación Cidadá, Transparencia e Igualdade

María Catalina Morado Fariña



Concello de Miño

ANEXO II SOLICITUDE

PROCEDEMENTO

CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE MIÑO PARA O ANO 2020

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	
NIF	
DOMICILIO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS XERAIS

CATEGORÍA NA QUE SE INSCRIBE

- Individual (1 a 3 persoas)
 Grupal (4 persoas en adiante)

Número de persoas participantes

NOME DO DISFRAZ

DECLARACIÓNS XURADAS

Don/Dona _____, con NIF nº _____

DECLARA:

- 1) Que non estou incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 13.2 da lei xeral de subvencións.
- 2) Que estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Miño e con calquera outra administración.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA CON ESTA SOLICITUDE:

- Fotocopia do NIF da persoa representante

Miño, ____ de _____ de 2020

O/A representate/a

Asdo.: _____

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Personal e Garantía do Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto correspondente.